

MATERIA

Literatura española do século XVII: teatro e prosa

unidade
didáctica
7

TITULACIÓN

Grao en Lingua e Literatura Españolas


O teatro de Lope de Vega

Antía Tacón García
María José Alonso Veloso

Literatura Española
Departamento Lingua e Literatura Españolas,
Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.gal/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155122>

MATERIA: Literatura española do século XVII: teatro e prosa

TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Españolas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A España do século XVII

Panorama histórico e cultural

Panorama literario: terminoloxía, periodización e características da literatura barroca

Unidade II. Panorama da prosa no século XVII

Narrativa de ficción e prosa didáctica

Principais características, autores e obras

Unidade III. A narrativa de Cervantes

Notas biográficas

O *Quijote*: xénese, trazos fundamentais e influencia

Unidade IV. A narrativa picaresca no século XVII

Evolución e características da narrativa picaresca

Principais autores e obras

O *Buscón* na obra de Francisco de Quevedo

Unidade V. O xénero lucianesco

Orixes, evolución e características do xénero lucianesco

Principais autores e obras

Os *Sueños* de Francisco de Quevedo

Unidade VI. Panorama do teatro no século XVII

Antecedentes e socioloxía do teatro barroco

A renovación teatral: o *Arte nuevo de hacer comedias*

Principais xéneros, escolas, autores e obras

Unidade VII. O teatro de Lope de Vega

Notas biográficas

A súa obra dramática

Fuente Ovejuna: unha comedia seria

El caballero de Olmedo: unha traxedia

Unidade VIII. O teatro de Calderón de la Barca

Notas biográficas

A súa obra dramática

La vida es sueño

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

CONTIDOS BÁSICOS

1. Notas biográficas
2. A súa obra dramática
3. *Fuente Ovejuna*: unha comedia seria
 - 3.1. Xénese e publicación
 - 3.2. Temas e trazos fundamentais
 - 3.3. Interpretación e recepción
4. *El caballero de Olmedo*: unha traxedia
 - 4.1. Xénese e publicación
 - 4.2. Temas e trazos fundamentais
 - 4.3. Interpretación e recepción

METODOLOXÍA

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

ANEXOS

1. Textos para o comentario na aula
 - 1.1. *Fuente Ovejuna* (vv. 61-163 do terceiro acto)
 - 1.2. *Fuente Ovejuna* (vv. 552-604 do terceiro acto)
 - 1.3. *Fuente Ovejuna* (vv. 740-799 do terceiro acto)
 - 1.4. *El caballero de Olmedo* (vv. 816-887 do primeiro acto)
 - 1.5. *El caballero de Olmedo* (vv. 89-119 do segundo acto)
 - 1.6. *El caballero de Olmedo* (vv. 523-608 do segundo acto)
 - 1.7. *El caballero de Olmedo* (vv. 858-926 do segundo acto)
 - 1.8. *El caballero de Olmedo* (vv. 362-490 do terceiro acto)
 - 1.9. *El caballero de Olmedo* (vv. 531-615 do terceiro acto)
 - 1.10. *El caballero de Olmedo* (vv. 713-775 do terceiro acto)
2. Gravacións para a visualización na aula
3. Outros recursos virtuais de interese
4. Algunhas imaxes de apoio



PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica (UD), dedicada ó teatro de Lope de Vega, é a sétima das oito que constitúen a materia obrigatoria *Literatura española do século XVII: teatro e prosa*, de 6 créditos ECTS, impartida no segundo curso do Grao en Lingua e Literatura Españolas da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, é materia do Minor en Lingua e Literatura Españolas, e como tal pode ser cursada polo alumnado dos Graos en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Lingua e Literatura Modernas que opten por este itinerario.

Literatura española do século XVII: teatro e prosa ofrece unha visión relativamente exhaustiva das principais tendencias, xéneros, autores e obras que definiron a prosa e o teatro españois do século XVII. Debe entenderse no contexto das once materias obrigatorias que examinan o conxunto da produción literaria en lingua castelá, delimitadas, con propósitos didácticos, segundo criterios cronolóxicos, xeográficos —no que se refire á distinción entre literatura española e a hispanoamericana— e de xénero literario. Máis concretamente, forma parte do grupo de materias que estudan a literatura española clásica e os seus fundamentos, que, ó longo dos tres primeiros cursos do grao, pretende proporcionar as bases para o estudo, o comentario e a análise da historia da literatura española dende a súa orixe ata o Século de Ouro.

En particular, a presente materia afonda en contidos xa presentados en *Introdución á historia da literatura española*, no primeiro curso do grao. Ademais, impártese de maneira simultánea a *Literatura española do século XVI: prosa e teatro*, o que permite abordar a literatura barroca en paralelo ó seu antecedente máis próximo, o Renacemento. Posúe tamén unha relación moi estreita con *Literatura española do século XVII: poesía*, que no terceiro curso do grao completa a panorámica do chamado Século de Ouro español incorporando o xénero poético. Por último, establécense vínculos con *Literatura hispanoamericana ata o século XIX*, tamén do terceiro curso, que aborda, entre outros contidos, a literatura barroca en Hispanoamérica. Desta maneira, a materia que nos ocupa resulta imprescindible no Grao en Lingua e Literatura Españolas por varios motivos: os seus contidos específicos, relativos ó que se considera un dos períodos máis brillantes desta literatura; o seu valor instrumental, posto que ofrece ferramentas esenciais para a análise crítica de textos literarios; e a súa estreita relación con outras materias do plan de estudos, que cobran sentido pleno consideradas no seu conxunto.

En concreto, a Unidade VII afonda na obra dramática de Lope de Vega, iniciador da «comedia nueva» e, polo tanto, da renovación teatral que marcou un antes e un despois na historia deste xénero nos países de fala hispana; é, en consecuencia, indispensable na formación do alumnado en Lingua e Literatura Españolas. Cunha duración estimada de dúas semanas, trátase da continuación lóxica da Unidade VI, que ofrece un panorama xeral do teatro áureo. Deste modo, unha vez establecidos os conceptos e postulados teóricos máis relevantes, en particular os que Lope de Vega explica na súa peculiar poética dramática *Arte nuevo de hacer comedias* (1609), examínase a produción concreta deste autor, analizando con ese fin dúas comedias paradigmáticas: *Fuente Ovejuna* e *El caballero de Olmedo*. Na secuenciación da

materia, esta UD precede inmediatamente á dedicada ó teatro de Calderón de la Barca, a derradeira do curso. O ciclo calderoniano, posterior ó lopesco, non pode comprenderse sen este antecedente. Desta maneira, as tres últimas unidades, estreitamente relacionadas entre si, proporcionan unha visión de conxunto do teatro español do século XVII, momento de auténtico apoxeo do xénero.

COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

Todas as unidades didácticas que integran *Literatura española do século XVII: teatro e prosa* contribúen á adquisición de cada unha das competencias e os obxectivos xerais da materia. Cada UD toma como punto de partida para este fin un xénero literario, uns autores ou uns textos concretos; neste caso, a produción dramática de Lope de Vega. As competencias básicas e xerais da titulación ás que asiste a materia, tal e como figuran na Memoria de Verificación do Grao en Lingua e Literatura Españolas, son as seguintes:

- CB1. Que o alumnado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, a pesar de apoiarse en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CB2. Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación de maneira profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- CB3. Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4. Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
- CB5. Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
- CX1. Adquisición e comprensión de coñecementos, métodos científicos e recursos de análise para (a) o estudo avanzado lingüístico e literario do español e as súas literaturas; (b) o estudo básico/medio dunha segunda lingua (nivel B2) e a súa literatura, de Filoloxía Románica, de Lingüística Xeral ou de Teoría da Literatura e a Literatura Comparada.
- CX2. Habilidades para aplicar eses coñecementos e métodos para recoñecer, identificar e resolver problemas tanto no eido dos estudos lingüísticos e literarios coma no seu ámbito profesional: docencia de linguas (coma L1 ou LE) e de literatura, asesoría e corrección lingüística, planificación lingüística, mediación comunicativa, tradución, lingüística clínica, actividades editoriais, etc.

- CX3. Capacidade de reflexión e de pensamento crítico para describir, interpretar e valorar os feitos lingüísticos e literarios.
- CX4. Capacidade para aplicar o razoamento indutivo e dedutivo, ó combinar a análise dos datos coa argumentación teórica.
- CX5. Capacidade de abstracción, síntese e análise, ó extraer xeneralizacións a partir da descrición dos datos.
- CX6. Capacidade para transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas á lingua e a literatura españolas a un público especializado e non especializado.
- CX7. Dominio da expresión oral e escrita, en español e noutras linguas, en distintos contextos.
- CX8. Habilidade no manexo de ferramentas informáticas e no uso de redes que permitan establecer contactos nacionais e internacionais.
- CX9. Habilidade para traballar en colaboración e en contextos multiculturais e multilingües.
- CX10. Aprendizaxe autónoma de novos coñecementos e técnicas de análise.

A continuación, lístanse as competencias específicas desta materia:

- CE4. Identificar e comprender aqueles elementos (obxecto de estudo, metodoloxía, linguaxe e terminoloxía crítica especializada, etc.) que definen e articulan os estudos lingüísticos e literarios como disciplinas científicas no eido das Humanidades.
- CE5. Recoñecer o carácter interdisciplinar dos estudos lingüístico-literarios.
- CE7. Dominar os diversos enfoques e métodos que permiten a comprensión crítica da obra literaria.
- CE8. Coñecer os escritores e obras máis importantes e representativos de xéneros, correntes ou tendencias de cada un dos períodos da historia da literatura.
- CE10. Comprender a complexidade dos feitos lingüísticos e das obras literarias, aprender a apreciar os seus valores estéticos e extraer o caudal informativo que encerra o texto literario.
- CE12. Interpretar con rigor as obras máis importantes e representativas de xéneros, correntes ou tendencias de cada un dos períodos da historia da literatura española.
- CE13. Coñecer a teoría e o pensamento estético no seu percorrido histórico en tanto condicionante de xéneros, estilos, morfoloxía e técnicas do discurso literario.
- CE15. Coñecer as características das diversas manifestacións da creación literaria, incardinándoas no contexto sociocultural no que se xestan e conectándoas con outras formas de expresión artística.
- CE16. Adquirir habilidades no manexo de novas tecnoloxías que faciliten o estudo da lingua e a literatura españolas.
- CE17. Empregar ferramentas de busca de recursos bibliográficos para o estudo da lingua española e manexar as fontes documentais e bibliográficas propias da literatura.
- CE18. Desenvolver a competencia comunicativa.

Co fin de adquirir estas competencias, a Guía Docente de *Literatura española do século XVII: teatro e prosa* establece os seguintes obxectivos xerais da materia; unha vez máis, son comúns a todas as unidades:

- Afondar no estudo do teatro e da prosa do século XVII coa axuda dos métodos filolóxicos adecuados, a través da análise e a interpretación dos máis destacados autores e obras.
- Obter bases e métodos rigorosos para o estudo da historia literaria, a asimilación dos seus principais conceptos e o correcto aproveitamento dos repertorios bibliográficos e os seus complementos informáticos no estudo do teatro e a prosa do século XVII.
- Adquirir coñecementos e habilitar a capacidade para:
 - a. Coñecer o teatro e a prosa españolas do século XVII nos seus principais xéneros, autores e obras.
 - b. Afondar no estudo persoal da prosa e do teatro do século XVII.
 - c. Xerarquizar correctamente os contidos académicos esenciais e accesorios.
 - d. Realizar de maneira ordenada notas, guións e esquemas que faciliten o estudo.
 - e. Avanzar no hábito de lectura reflexiva e analítica.
 - f. Profundar no comentario literario de textos.
 - g. Mellorar a expresión oral e escrita.
 - h. Estimular o espírito crítico e o sentido estético.

A «Unidade VII. O teatro de Lope de Vega» concreta ditos obxectivos na especificidade da produción dramática lopesca, tal e como se indica a continuación:

- Afondar no estudo do teatro de Lope de Vega coa axuda dos métodos filolóxicos adecuados, a través da análise e a interpretación das súas obras máis destacadas.
- Obter bases e métodos rigorosos para o estudo da historia literaria, a asimilación dos seus principais conceptos e o correcto aproveitamento dos repertorios bibliográficos e os seus complementos informáticos no estudo do teatro de Lope de Vega.
- Adquirir coñecementos e habilitar a capacidade para:
 - a. Coñecer a produción dramática de Lope de Vega nas súas obras principais.
 - b. Afondar no estudo persoal do teatro lopesco.
 - c. Xerarquizar correctamente os contidos académicos esenciais e accesorios; en particular, no que se refire á obra de Lope de Vega.
 - d. Realizar de maneira ordenada notas, guións e esquemas que faciliten o estudo do teatro de Lope de Vega.

- e. Avanzar no hábito de lectura reflexiva e analítica; en concreto, a través da produción de Lope e, sobre todo, de *Fuente Ovejuna* e *El caballero de Olmedo*.
- f. Profundar no comentario literario de textos lopescos, en especial *Fuente Ovejuna* e *El caballero de Olmedo*.
- g. Mellorar a expresión oral e escrita; en particular, a partir da obra de Lope de Vega.
- h. Estimular o espírito crítico e o sentido estético; en particular, a partir da obra de Lope de Vega.

CONTIDOS BÁSICOS

1. Notas biográficas

Como introdución á unidade, ofreceranse unhas breves notas biográficas sobre Lope de Vega (1562-1635), facendo fincapé nas etapas vitais que posiblemente marcaron a súa produción literaria. Asemade, trataranse as polémicas que mantivo con outros escritores contemporáneos, así como as consecuencias da súa estancia en Valencia, que resultou crucial para o perfeccionamento da fórmula da «comedia nueva».

2. A súa obra dramática

Nesta sección, presentarase unha panorámica do conxunto da produción dramática de Lope de Vega, que pode ser clasificada segundo un criterio temático ou de xénero. Neste último sentido, distinguírase entre traxedias, como *El caballero de Olmedo*; traxicomédias, como *Fuente Ovejuna* ou *Peribáñez y el comendador de Ocaña*; e comedias en sentido estrito, como *El perro del hortelano*.

Ademais, recordaranse os trazos xerais da poética de Lope, recollidos no seu *Arte nuevo de hacer comedias* (1609) e examinados na UD anterior: entre outros, a adaptación ó gusto popular, a mestura de elementos cómicos e trágicos e a ruptura das unidades dramáticas neorristotélicas. Ó longo da presente UD, a análise das obras permitirá comprobar a aplicación práctica dos máis relevantes postulados teóricos lopescos, desde o punto de vista da *inventio* e a *dispositio* (o concepto de traxicomedia, as unidades de acción e tempo, o tema da honra, a división en xornadas e a estrutura da comedia en relación co suspense) pero tamén da *elocutio* e a *actio* (a *varietas* e a propiedade lingüística, o decoro e a verosimilitude, a métrica e as figuras retóricas, en particular o «falar equívoco», e finalmente o aparato escenográfico).

Por último, aludirase a cuestións editoriais e, en particular, ó interese de Lope por controlar a publicación dos seus textos teatrais, dando á imprenta versións autorizadas dos mesmos. Con todo, isto non impediu a deturpación e manipulación das súas obras, como denunciou o escritor en distintos lugares da súa literatura.

3. Fuente Ovejuna: unha comedia seria

3.1. Xénese e publicación

Tras aludir ás datas de redacción e publicación de *Fuente Ovejuna*, na *Dozena parte de las comedias de Lope de Vega Carpio* (1619), así como ós problemas editoriais que afectan á peza, presentaranse as fontes literarias (Bandello) e históricas (*Crónica de las tres órdenes* de Francisco de Rades) que foron fundamentais na súa xénese. En especial, incidirase na manipulación destas fontes por parte de Lope, máis interesado na calidade e a verosimilitude dramáticas ca na exactitude histórica.

3.2. Temas e trazos fundamentais

Neste apartado, examinaranse os temas, o estilo, a estrutura e os personaxes máis significativos da peza, así como o manexo do tempo e o espazo. A acción principal corresponde ó enfrontamento entre o Comendador e o pobo de Fuente Ovejuna: a partir das agresións sexuais cometidas por Fernán Gómez contra as campesiñas, afóndase nun concepto do honor como dignidade persoal e colectiva, non exclusiva do estamento nobiliario. De maneira paralela, a acción secundaria, coa que se abre a comedia, aborda o conflito entre o mesmo Comendador e os Reis Católicos, vinculado á toma de Ciudad Real. Malia ser cuantitativamente menos importante, pois dedícaselle un número reducido de versos e moitas veces os feitos con ela relacionados non se representan en escena, é a que posúe carácter político. A introdución dun antagonista común, que engade ó agravio individual e social que inflixe ós habitantes de Fuente Ovejuna a súa condición de traidor político contra a monarquía, unifica ámbalas dúas tramas e favorece a idea dunha alianza entre os soberanos e o pobo, ligada á defensa do absolutismo real fronte ó poder excesivo da nobreza e das ordes militares. Cómpre ter en conta, neste sentido, que a obra, pertencente ó grupo das chamadas comedias de comendador ou dramas do poder inxusto, xorde nun momento no que as ordes militares sofren un fondo descrédito.

Dende o punto de vista estrutural, insistirase tamén no mecanismo do suspense, moi perfeccionado nas comedias de madurez de Lope de Vega. Unha mostra deste técnica atópase na elipse entre a segunda e a terceira xornada —mediante a que se evita amosar en escena a violación de Laurencia— e na gradación patética do desenlace, logo da vinganza e a morte do Comendador. O xuízo sobre se a vinganza do pobo é xusta ou non pode considerarse a verdadeira historia de *Fuente Ovejuna*. Por último, entre os trazos máis destacados da obra destaca tamén o uso das cancións, cunha función purgativa, que contribúe a aumentar o suspense.

3.3. Interpretación e recepción

O estudo de *Fuente Ovejuna* pecharase cunha reflexión sobre a pervivencia da obra e as diversas interpretacións que recibiu no seu percorrido histórico. Se no século XVII era un drama de honor, con compoñentes de ortodoxia absolutista, posteriormente impúxose a visión romántica da rebeldía popular, que pervive en

numerosas representacións actuais. Asemade, abordaranse as reinterpretacións baixo un prisma marxista, particularmente relevantes na Unión Soviética. Por último, aludirase á utilización da peza no franquismo, que completa esta panorámica da variedade interpretativa da comedia ata o momento actual, no que os criterios vencellados ó xénero se combinan coas outras interpretacións, en particular a romántica.

A vixencia e versatilidade de *Fuente Ovejuna* subraiaranse aínda coa referencia a diversas postas en escena ou reescrituras recentes, entre elas a do Teatre Nacional de Catalunya (2005); a de La Joven Compañía (2015-2016); a de TNT – El Vacie (2016-2017); a da Joven Compañía Nacional de Teatro Clásico (2017); ou a titulada *Fuenteovejuna ou le courage des femmes*, con dramaturxia de José Gabriel López Antuñano e dirección de Vagba Oboud de Sales e Luis Marqués (Instituto Francés de Abiyán & Alma Production, 2019).

4. *El caballero de Olmedo*: unha traxedia

4.1. Xénese e publicación

Despois de aludir ás datas de redacción e publicación da obra, na *Veinticuatro parte perfeta de las comedias del Fénix de España* (1641), expóranse as principais fontes folclóricas, históricas (a lenda de don Juan Vivero) e literarias da súa trama: a copla con baile «Que de noche lo mataron / al caballero, la gala de Medina, / la flor de Olmedo» e *El caballero de Olmedo o la viuda por casar*. En especial, cómpre deterse na influencia de *La Celestina*, peza á que Lope de Vega rende homenaxe en *El caballero de Olmedo* a través de personaxes —en particular, a alcahueta Fabia—, situacións, temas e linguaxe, ós que se engade o parlamento de don Alonso evocador do discurso de Calisto «Melibeo soy».

4.2. Temas e trazos fundamentais

Da mesma maneira que se fai con *Fuente Ovejuna*, afóndase nos temas, o estilo, a estrutura, o tempo, o espazo e os personaxes máis relevantes de *El caballero de Olmedo*. Atención especial require o protagonista da comedia, que irrompe no escenario ó principio da obra, cun discurso semellante a unha aria operística e propio dun amante: «Amor, no te llame amor» (vv. 1-30).

Abórdanse o amor, a morte e o destino como motivos principais da obra, así como o emprego da maxia como recurso dramático que depende da figura de Fabia. Ademais, analizarase a combinación de elementos cómicos —vencellados ós personaxes de condición social baixa, en particular Fabia e Tello, moitos deles ligados á tradición celestinesca— cunha poderosa dimensión tráxica, marcada polo simbolismo e a ironía sofoclea. O asasinato do protagonista, agardado por un público coñecedor da tradición popular, anúnciase dende o comezo da obra e reafirmase a través de numerosos presaxios e equívocos funestos, que se incrementan a medida que se achega o desenlace. Trátase dunha manifestación paradigmática de manexo do

suspense, que neste caso se basea na chamada ironía trágica, pola que as palabras en escena, sobre todo as do Cabaleiro de Olmedo, adquiren un dobre sentido derivado do feito de que o espectador coñece o desenlace da historia: ó sentido puramente literal e inmediato superponse o suxerido ou metafórico, que anuncia o que pode pasar. Lope de Vega espalla as alusións á morte de don Alonso ó longo da comedia, cun considerable amoreamento no terceiro acto, nun desenvolvemento dramático *in crescendo* moi notable.

4.3. Interpretación e recepción

A pervivencia posterior de *El caballero de Olmedo* móstrase a través de diversas postas en escena dos séculos XX e XXI. Como *Fuente Ovejuna*, esta comedia formou parte do repertorio de La Barraca baixo a dirección de Eduardo Ugarte e Federico García Lorca, con numerosas funcións entre 1935 e 1936. En 1957, foi adaptada e traducida ó francés por Albert Camus, quen dirixiu a súa estrea no Festival de Arte Dramática de Angers baixo o título *Le chevalier d'Olmedo*. Tamén o escritor galego Eduardo Blanco Amor realizou unha adaptación da peza, estreada en 1971 pola Compañía Ángel Guimerá baixo a dirección de Ricard Salvat. Finalmente, cítanse versións máis recentes coma as da Compañía Nacional de Teatro Clásico (2003-2004), Teatro Corsario (2009) ou Noviembre Teatro (2017-2018), todas elas dispoñibles na Teatroteca do CDAEM.

METODOLOXÍA

Os contidos desta UD desenvolveranse a través de clases expositivas e interactivas, pero tamén por medio das titorías programadas en grupo ou individuais. Nas sesións expositivas, a explicación teórica por parte da docente apóiase en todo momento nos textos literarios obxecto de estudo, para que o alumnado adquira os coñecementos esenciais sempre a partir da vertente práctica da análise literaria, o que implica a súa participación activa nas clases e nas diferentes actividades. As interactivas, que se desenvolven en total coordinación coas anteriores, permiten afondar nas obras literarias explicadas nas expositivas a través de fragmentos seleccionados e baséanse no comentario de textos coa intervención do estudantado. Así pois, a natureza da materia, e desta unidade didáctica, aconsella e mesmo esixe integrar a teoría e a práctica, de maneira que o apoio nos textos literarios, a participación do alumnado e a orientación por parte do profesorado serán constantes en todas as sesións, con independencia do seu carácter. Ademais, requírese que cada estudante realice as lecturas de carácter obrigatorio —nesta UD, *Fuente Ovejuna* e *El caballero de Olmedo*— de maneira previa ou simultánea ó avance das clases, a fin de aproveitar de xeito óptimo as exposicións teóricas e participar adecuadamente nas actividades propostas na aula.

Os esquemas de contidos, a antoloxía de textos literarios seleccionados para o seu comentario na aula e outros materiais didácticos de apoio están sempre

dispoñibles no Campus Virtual da USC, no que tamén figuran tarefas e actividades, así como un foro que pretende contribuír á participación do alumnado. Por outra banda, no desenvolvemento da UD faise uso dos medios audiovisuais dos que dispón a aula —isto é, ordenador e proxector— para amosar as diapositivas que servirán de guía e ilustración dos contidos. Ademais dos esquemas e citas textuais pertinentes, inclúense, por exemplo, imaxes que permiten establecer relacións entre a literatura e as artes plásticas do Barroco, favorecendo unha comprensión global da cultura deste período. Asemade, proxéctanse fotografías e fragmentos de vídeo de representacións modernas das pezas teatrais estudadas (Anexos 2 e 4). Na súa maioría, as gravacións extraírense da Teatroteca do Centro de Documentación das Artes Escénicas e da Música (INAEM – Ministerio de Cultura e Deporte), cuxo funcionamento e recursos se dan a coñecer ó alumnado.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

A fin de acadar os obxectivos formulados na presente UD, propóñense unha serie de actividades mediante as que se amplían e se levan á práctica os contidos teóricos previamente expostos. Para o seu correcto desenvolvemento, será imprescindible que o alumnado realice, a modo de actividade obrigatoria non presencial, a lectura individual e crítica de *Fuente Ovejuna* e *El caballero de Olmedo* de Lope de Vega; as edicións recomendadas con este fin inclúense na bibliografía que figura ó final deste documento. A isto engádense as seguintes tarefas, que se desenvolverán algunhas delas en grupo durante as sesións expositivas e interactivas da materia e outras de xeito individual:

1. Comentario de textos das obras de lectura obrigatoria, cada un dos cales ocupará unha hora de clase:
 - Comentario na aula do fragmento de *Fuente Ovejuna* que corresponde á arenga de Laurencia, logo da súa violación entre o segundo e o terceiro acto, e o comezo da rebelión (Anexo 1.1). Proxectarase o fragmento na versión de Juan Mayorga para o Teatre Nacional de Catalunya (2005), dispoñible na Teatroteca do CDAEM. Coa guía das profesoras, o alumnado discutirá de maneira conxunta os temas, a estrutura e os recursos retóricos da pasaxe. Prestarase atención tamén ós signos visuais que completan o texto na posta en escena, e que son actualizados na representación moderna visualizada: isto permitirá incidir na dimensión espectacular do xénero teatral. Para pechar a sesión, proxectarase tamén un fragmento do ballet *Laurencia*, que ofrece unha boa mostra da pervivencia de *Fuente Ovejuna* nun tempo, nun espazo e nunha disciplina artística diferentes (Anexo 2).
 - Comentario na aula dos fragmentos de *Fuente Ovejuna* que inclúen o interrogatorio («Fuente Ovejuna lo hizo») e o desenlace da comedia (Anexos 1.2. e 1.3, respectivamente). Trátase dunha parte fundamental para a interpretación da obra e a posible admisión, sen castigo, da morte

do Comendador a mans dos seus vasallos na sanción final do Rei: «Pues no puede averiguarse / el suceso por escrito, / aunque fue grave el delito, / por fuerza ha de perdonarse. / Y la villa es bien que quede / en mí, pues de mí se vale, / hasta ver si acaso sale / comendador que la herede». Tras unha lectura dramatizada na aula, guíarase ó alumnado na análise crítica dos principais temas e elementos de caracterización dos personaxes presentes na pasaxe. Ademais, valorarase a importancia da última escena para o sentido global da comedia á luz da súa supresión en adaptacións posteriores: a *Fuente Ovejuna* de Mardzhánov (1919) e a de García Lorca (1933).

- Comentario na aula de diversas pasaxes de *El caballero de Olmedo* que permiten exemplificar o concepto de ironía sofoclea e os compoñentes trágicos da comedia, en relación cos símbolos e equívocos que presaxian o desenlace funesto. A gradación das alusións e o logrado suspense esixen un percorrido por diversos lugares e accións: a descrición de don Alonso que Fabia realiza diante de dona Inés, comparándoo con heroes trágicos que acabaron fatalmente as súas vidas (Anexo 1.4); as declaracións amorosas do protagonista con reiteración dos termos metafóricos vida / morte (Anexo 1.5); a presenza das coplas antigas «Puesto ya el pie en el estribo / con las ansias de la muerte, / gran señor, ésta te escribo», empregadas entre outros por Cervantes (Anexo 1.8); os augurios derivados do soño que ten don Alonso sobre un xilgalo que canta e un azor que o mata (Anexo 1.7); e as voces, a música, o labrego e a Sombra que poboan o percorrido do cabaleiro entre Medina e Olmedo, espazo no que morre asasinado (Anexo 1.9).
- Comentario do fragmento de *El caballero de Olmedo* no que se produce un desdoblamento espacial, que serve para o contraste brutal entre a morte a a ledicia: mentres don Alonso é asasinado, na casa de dona Inés o pai acepta finalmente a súa voda co protagonista (Anexo 1.10). Neste segundo espazo, as palabras de Fabia presaxian o efémero desa felicidade, cando lle di a dona Inés «Más la fortuna te agravia» ou «Mayor daño te espera». A dama, aínda ignorante da morte do Cabaleiro de Olmedo, responde: «¿Qué mayor mal que la ausencia, / pues es mayor que morir?».
- Comentario na aula dun fragmento illado puramente cómico, que pode considerarse case un entremés no medio dunha traxedia (Anexo 1.6). Trátase da escena na que Fabia e Tello finxen instruír a Inés para o seu ingreso nun convento, de certa dimensión metateatral. A súa comicidade baséase, por exemplo, no indecoroso uso do latín por parte de personaxes de baixa condición social. Proxectarase o fragmento na versión de Eduardo Vasco para Noviembre Teatro (2018), dispoñible na Teatroteca do CDAEM (Anexo 2).

2. Realización e exposición na aula dun traballo consistente na análise de personaxes de comedias de Lope de Vega.

3. Gravación de vídeos coa representación de comedias de Lope de Vega por parte do alumnado.
4. Elaboración dunha recensión crítica sobre algunha obra incluída na bibliografía da materia, no apartado que abrangue esta unidade didáctica.

AVALIACIÓN

A avaliación dos contidos tratados nesta UD segue estritamente á que se propón para o conxunto da materia. En consecuencia, as indicacións de índole xeral establecidas na Guía Docente, que se recollen a continuación, inclúen en todos os casos aspectos relacionados co teatro de Lope de Vega, obxectivo desta parte.

A unidade didáctica, ó igual que todas as que conforman a materia, está constituída polas clases expositivas e interactivas, reflectidas ambas na avaliación da aprendizaxe. As cualificacións non dependen só da asimilación dos contidos, senón tamén do traballo persoal desenvolvido, a madurez e o aproveitamento demostrados, así como da correcta ortografía e expresión. A asistencia á clase, obrigatoria tanto nas sesións expositivas como nas interactivas, contrólase na aula e resulta imprescindible para a superación da materia. O sistema de avaliación, idéntico nas dúas oportunidades, será o seguinte:

- A avaliación continua, baseada nas actividades e probas que se realicen ó longo do curso, suporá o 40 % da cualificación.
- O exame final, que terá lugar no día e a hora establecidos oficialmente para as dúas oportunidades, representará o 60 % da nota final da materia.
- Para presentarse ó exame final e superar a materia será necesario ter realizado as actividades que se determinen para a avaliación continua.
- Na segunda oportunidade de xullo o sistema de avaliación será o mesmo.
- O alumnado con dispensa oficial de asistencia a clase será avaliado a través do exame final, que só no seu caso suporá o 100 % da cualificación.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- ALMASOV, Alexey (1963): «Fuenteovejuna y el honor villanesco en el teatro de Lope de Vega», *Cuadernos Hispanoamericanos* 161-162: 01-755.
- ARANGO, Manuel Antonio (1977): «Aspectos sociales en dos comedias de Lope de Vega: *Peribáñez y Fuenteovejuna*», *Cuadernos Americanos* 212: 170-175.
- ARCO GARAY, Ricardo (1942): *La sociedad española en las obras dramáticas de Lope de Vega*, Madrid: RAE.
